

**INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL Nº 5/2011, DO 18 DE NOVEMBRO DE 2011 SOBRE COLACIÓN DO GRAO**

A colación do grao nos estudos de licenciatura procede das regulacións dos plans de estudos non estruturados en créditos.

Non obstante o anterior na Universidade de Santiago de Compostela se veu mantendo a colación do grao mediante sistemas de tesíña ou exame de licenciatura para titulacións reformadas e estruturadas en créditos, se ben esta non foi a práctica de todas as universidades.


A implantación dos estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, en especial a partir do Real Decreto 1397/2007 e a súa reforma do 2010, determinan que xa non sexa aplicable a colación de grao, por establecer unha estrutura específica que son os traballos de fin de grao (TFG). Ademais a denominación pode inducir a confusión coa nova denominación dos títulos de Grao.

Por todo o anterior e ante as dúbidas xurdidas faise conveniente ditar a seguinte Instrución:

UNICO.- Conforme ao establecido no Real Decreto 1397/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, non será de aplicación aos estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, ningunha das modalidades establecidas en anteriores ordenacións de ensinanzas oficiais sobre a colación do grao.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2011

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro

SRES DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS/SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA/SERVIZO DE XESTION DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA/ OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA/OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN/UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.